

# CRITERIOS DE AVALIACIÓN

DATA PUBLICACIÓN: [13/06/2023]

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN TRIBUNAL PROCESOS DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA 590222

CRITERIOS PROBA A (Desenvolvemento por escrito dun tema elixido pola persoa aspirante, de entre 5 temas, extraídos ao azar polo tribunal).

- O persoal aspirante desenvolverá o tema elixido, indicado na parte superior do exame no espazo habilitado para este fin.

- O tema deberá conter un índice claro no que aparezan todos e cada un dos puntos que se vaian desenvolver segundo se indica no anexo II da Orde do 1 de febreiro de 1996 no que se establece o temario de Procesos de Xestión Administrativa (BOE núm. 38, do 13 de febreiro).

- O persoal aspirante deberá tratar todos os epígrafes marcados no temario, axustándose estritamente aos contidos do tema fixados pola orde, cunha estrutura organizada e adecuada.

- A redacción deberá ser clara, coa corrección gramatical e ortográfica adecuada ao nivel académico do persoal aspirante e perfectamente lexible.

- O persoal aspirante deberá manifestar na redacción do tema dominio dos coñecementos específicos, técnicos e científicos propios da especialidade, empregando un vocabulario técnico adecuado.

- O persoal aspirante deberá citar as fontes, os recursos bibliográficos e legislativos axeitados e correctamente relacionados co tema a desenvolver.

- Os contidos da resposta deberanse atopar debidamente actualizados á data do día do exame.

- A lectura da proba deberá ser fluída e áxil, axustándose en todo momento ao que se atope escrito na proba, de non facelo así poderá ser causa motivada dunha nota negativa.

## CUALIFICACIÓN PROBA A

A proba cualificaranse de 0 a 10 puntos.

Parte A: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,5 a cualificación obtida.

## CRITERIOS PROBA B

CRITERIOS PROBA B.1 (Preparación, presentación e exposición, e defensa dunha unidade didáctica). Segundo Rúbrica publicada no anexo VIII da Orde do 05 de decembro de 2022.

- A. Xustificación e contexto da UD
- B. Resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos da UD
- C. Metodoloxía, recursos e materiais didácticos empregados
- D. Relación de tarefas de cada actividade e resultados ou produtos
- E. Medidas de atención á diversidade
- F. Avaliación
- G. Outros aspectos a valorar

CRITERIOS PROBA B.2 (Consistirá na realización dun ou varios supostos de entre os propostos polo tribunal, relacionados co temario da oposición).

- O desenvolvemento e os resultados dos exercicios deberán ser correctos e estarán claramente indicados e debidamente xustificados. Estes requisitos serán indispensables para a súa cualificación máxima. A simple presentación dos resultados dos exercicios sen unha explicación e desenvolvemento que o xustifiquen non serán tomados en consideración para ser puntuados, valendo a resposta cero puntos.

- As respostas deberán ser claras e estar ordenadas e ben organizadas de xeito que se poidan identificar doadamente, con dominio da terminoloxía propia da especialidade.

- Deberá haber unha coherencia entre o suposto práctico presentado e o contido exposto na resposta do persoal aspirante.

- A resposta deberá contar cunha adecuada expresión escrita, cunha redacción adecuada ao nivel académico do persoal aspirante, correcta ortografía, así como pulcritude na presentación.

## CUALIFICACIÓN PROBA B

Proba B cualificaranse de 0 a 10 puntos, ponderándose do seguinte xeito:

Cada un dos exercicios desta parte B valorarase de 0 a 10 puntos. A cualificación da parte B, pondérase do seguinte xeito:

- Parte B.1: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,5 a cualificación obtida.

- Parte B.2: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,5 a cualificación obtida.

## CUALIFICACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN

A cualificación correspondente a esta fase de oposición será a media aritmética das puntuacións obtidas nas dúas partes da proba.

A cualificación final da fase de oposición expresarase en números de cero a dez, sendo necesario obter, polo menos, cinco puntos para poder acceder á fase de concurso.